



A AVIONETA





Aquí insírese a cola.

1. Dun folio, facemos un cadrado, e reservamos o rectángulo sobrante.

2. Co cadrado facemos todas as dobras do modelo do avión anterior até a figura 9, que aquí vemos polo lado superior.


3. E aquí polo inferior.



4. Co anaco rectangular que sobrou de facer o cadrado inicial, faremos a cola da avioneta. Dobrámoslo ao longo.

5. A uns 4 cm facemos unha dobra vertical, e desdobramos. Cortamos as dúas láminas polo vinco, só até a metade.



6. Abrimos a figura e dobramos ao medio os lados da parte longa. Volvémola a dobrar pola liña media.



7. Dobramos toda a figura pola aresta inferior, e os anacos sobresaíntes dobrámoslos en ángulo, cada un para o seu lado.

8. Para termos feita a cola do avión, cos seus aleróns correspondentes.

9. Mais en vez de facer estar últimas dobras, podemos recortar cunhas tesouras a peza da figura 5, dándolle outra forma máis sinuosa.



10. A cola insírese na parte dianteira da avioneta, pola abertura que se sinala na figura 3.

11. Eis a avioneta, con dúas colas diferentes.